

SERRA LEOA DECLARADO LIBRE DE ÉBOLA

O pasado 7 de novembro de 2015, a OMS declarou a Serra Leoa país libre de transmisión do virus do Ébola, despois de que pasasen 42 días dende que o último caso confirmado dese por segunda vez negativo. Deixa, dende que se declarara en maio de 2014 o primeiro caso neste país, un total de 8.704 enfermos, dos que 3.589 foron éxitus [OMS].

Despois de que Liberia fose xa declarado país libre de ébola o

día 9 de maio de 2015, queda tan só Guinea Conakry como único país implicado neste abrocho, situación que xa está contemplada no Boletín de Alertas Internacionais, que se pode consultar na seguinte [ligazón](#).

Este cambio na listaxe de áreas de risco só modifica a parte epidemiolóxica da definición de caso, que polo demais segue igual [ligazón](#), e non cambia tampouco a resposta [ligazón](#).

COREA DO SUR DEIXA DE SER ÁREA DE RISCO PARA MERS-CoV

O día 4 de xullo de 2015, Corea do Sur declarou o último caso de MERS-CoV relacionado co abrocho que principiara en maio de 2015 [[Travel Health Pro](#)]. Deste xeito, o abrocho tería que darse por rematado o 1 de agosto de 2015, unha vez que negativizou este caso e pasaran dous períodos de incubación sen que aparecese ningún caso novo.

Mais, a situación complicouse porque un caso (inmuno-deprimido) do 7 de xuño, que xa tardara en negativizar (non o fixo ata o 3 de outubro), reingresou por febre o día 11 de outubro e de novo deu un resultado positivo [OMS].

Este incidente supuxo a necesidade de poñer en marcha o seguimento de 129 contactos, dos que, a 9 de novembro, non se ten constancia de ningún caso novo.

Neste contexto, o ECDC, na súa última avaliación de risco do 21 de outubro [[enlace](#)], afirma que o risco de que a Europa chegue algún caso importado de Corea do Sur é desbotable.

Así pois, a situación en Corea do Sur parécese máis á que provoca un caso importado que a un abrocho, e os países con casos importados non se consideran áreas de risco.

Polo tanto, Corea do Sur deixa de pertencer a listaxe de áreas de risco para MERS-CoV, na que agora só quedan os países de Oriente Próximo, que se poden consultar no Boletín de Alertas Internacionais [ligazón](#).

Este cambio só modifica a parte epidemiolóxica da definición de caso, e non cambia a resposta [ligazón](#).

A COBERTURA VACINAL DA GRIPE NA TEMPADA 2015/16

Nas catro primeiras semanas da campaña de vacinación antigripal, a poboación de 65 ou máis anos vacinada para o conxunto de Galicia foi de 288.494 persoas, co que se acadou unha cobertura do 44'5%, fronte ao 41'1% conseguido no mesmo período do ano anterior. Porén, os datos de cobertura por áreas de xestión son heteroxéneos (ver Apéndice), cunha diferenza de máis de 10 puntos porcentuais entre a xerencia con maior taxa de vacinación, a de Ourense, que vacinou neste período ao 50'9% da súa poboación diana, e a xerencia con menor taxa, a de Vigo, onde se vacinou o 40'5% das persoas maiores de 65 anos.

En canto á vacinación por subgrupos de idade, estase a repetir o patrón de anos anteriores: as persoas de 75 ou máis anos son as que máis se vacinan (cunha cobertura do 51'1%), mentres que os 65 a 69 anos, os que menos (cunha cobertura do 30'2%). Para tratar de incrementar a cobertura neste grupo, dende a cuarta semana de campaña estase a desenvolver unha estratexia de promoción activa da vacina a persoas de 65 a 70 anos. O persoal de enfermería dos centros

de saúde promove a vacinación a través de chamadas telefónicas ás persoas da súa cota aínda non vacinadas. Se a persoa contactada está interesada en recibir a vacina, cítase nese momento para vacinar nos próximos días.

Respecto aos traballadores sanitarios, colectivo de especial importancia para a vacinación antigripal, o número de vacinados incrementouse respecto á pasada campaña. Este aumento produciuse maioritariamente no persoal de atención primaria que, cun 25'8% de cobertura acadada nestas catro primeiras semanas, superou xa lixeiramente a cobertura conseguida no total da pasada campaña (25'3%) (datos desglosados no Apéndice). Aínda así, polo momento, non se acadou a cobertura mínima establecida como obxectivo (35%), que dista moito da porcentaxe calculada como necesaria para interromper a transmisión da gripe nos centros sanitarios, que estaría nun 80%.

O informe de coberturas actualízase cada luns, na páxina temática da web de gripe ([ligazón](#)).

COMEZA A PUBLICACIÓN DOS INFORMES DE ACTIVIDADE GRIPAL

Dende este mércores, día 18/11/2015, pódese consultar, na web de Saúde Pública, o informe semanal da actividade gripal ([ligazón](#)). Ademais publicarase, tamén todos os mércores, na

páxina temática da web de gripe ([ligazón](#)), un resumo da situación da actividade gripal na nosa comunidade xunto coa gráfica da evolución da onda estacional ([ligazón](#)).

A COBERTURA VACINAL DA GRIPE NA TEMPADA 2015/16

Datos de vacinación e cobertura por área de xestión e para o total de Galicia

Nº de persoas vacinadas e cobertura, por xerencia e total de Galicia, ata o 17 de novembro								
	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Galicia
Vacinados totais	70580	30482	63139	56699	59192	37446	63317	380974*
Vacinados con 65 ou máis anos	52174	22997	45918	44974	49187	27724	45479	288494**
Coberturas nos de 65 ou mais anos	42%	46%	44%	46%	51%	44%	41%	45%

*119 non teñen a área especificada

**41 non teñen a idade especificada

Datos de vacinación e cobertura entre profesionais sanitarios

Número de profesionais do SERGAS vacinados por ámbito e categoría profesional		
	CAMPAÑA 2015 Vacinados (cobertura) Datos ata o 17/11/2015	CAMPAÑA 2014 Vacinados (cobertura) Datos do total da campaña
ATENCIÓN PRIMARIA		
Persoal médico	783 (23,26%)	764 (22,87%)
Persoal de enfermería	720 (29,42%)	682 (28,63%)
ATENCIÓN ESPECIALIZADA		
Persoal médico	897 (15,82%)	1038 (18,57%)
Persoal de enfermería	867 (10,79%)	1011 (12,95%)